

SPI
GALICIA, S.A.
SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A.

PREGO DE PRESCRICIÓNNS TÉCNICAS E ECONÓMICAS

LICITACIÓN CONTRATO SERVIZOS

***OPERACIÓNNS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS AUTOESTRADAS AG-53 E AG-54 -
PERÍODO 2021-2025
ATAU210101***

FEBREIRO DE 2021

ÍNDICE

1. OBXECTO DESTE PREGO	4
2. TRABALLOS A REALIZAR.....	6
2.1. Operacións grupo i. Operacións de explotación, vixilancia, urxencia e emerxencia; de conservación ordinaria de baixo alcance e de xestión integral do sistema de mantemento.....	6
2.2. Operacións Grupo II. Operacións de emerxencia de gran alcance, con medios propios.....	7
2.3. Operacións Grupo III. Operacións de Conservación ordinaria programada e extraordinarias de rehabilitación e mellora.....	7
3. DOTACIÓN E MEDIOS MÍNIMOS.....	9
3.1. Centro de Control	9
3.2. Persoal.....	10
3.3. Horario de Traballo	12
3.4. Vehículos, Maquinaria e Medios Auxiliares	12
3.5. Medios Auxiliares e Provisións	14
4. OPERACIÓN EXTRAORDINARIAS DO GRUPO III.....	17
4.1. Videoverificación de aforamentos.....	17
4.2. Actualización de Planos do Estado Actual da Infraestrutura	17
4.3. Revisión e Renovación de Marcos de Delimitación da Zona de Dominio Público.....	18
4.4. Actualización de Expropiacions	18
5. SISTEMA DE XESTIÓN DA CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN	19
5.1. Plan de Conservación e Explotación Anual.....	19
5.2. Programas de Conservación e Explotación	20
5.3. Plan Mensual de Conservación.....	20
5.4. Plan de Seguridade e Saúde	20
5.5. Plan de Aseguramento da Calidade	20
5.6. Plan de Xestión Ambiental	21
5.7. Xestión de Residuos.....	21
5.8. Partes de Traballo	21
5.9. Informes de Seguimento do Contrato	22
5.10. Informes e Memorias de Conservación e Explotación.....	23
5.11. Outros Informes Puntuais.....	24
6. CONTROL DE CALIDADE	26
7. DURACIÓN DO CONTRATO	27
8. ORZAMENTO	28
9. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA E REVISIÓN DE PREZOS.....	31
ANEXO Nº 1. CONDICIÓN TÉCNICAS DE OPERACIÓN E UNIDADES DE OBRA	32
A1.1. Operacións Grupo I.....	33
A1.2. Operacións Grupo II.....	50
A1.3. Operacións Grupo III.....	60
A1.4. Normativa de Obrigado Cumprimento.....	61
ANEXO Nº 2. INVENTARIOS	68
A2.1. Introducción	69
A2.2. Inventario Xeral.....	69

A2.3. <i>Inventario de Firmes</i>	69
A2.4. <i>Inventario de Sinalización Vertical</i>	71
ANEXO Nº 3. OPERACIÓNNS EXTRAORDINARIAS DURANTE ESTE CONTRATO.....	73
A3.1. <i>Videoverificación</i>	74
A3.2. <i>Actualización de planos do Estado Actual da Infraestrutura</i>	75
A3.3. <i>Revisión e Renovación de marcos de Delimitación da Zona de Dominio Público</i>	78
A3.4. <i>Actualización de expropiacións</i>	79
ANEXO Nº 4. RELACIÓN DE ESTRUTURAS OBXECTO DE INSPECCIÓN ANUAL	80
ANEXO Nº 5. PLANOS	81
ANEXO Nº 6. ORZAMENTO.....	82
A6.1. <i>Xustificación de Prezos</i>	83
A6.2. <i>Cadro de Prezos</i>	87
A6.3. <i>Orzamento</i>	88
A6.4. <i>Resumo do Orzamento</i>	89

1. OBXECTO DESTE PREGO

O obxecto do presente Prego de Condicóns Técnicas e Económicas é definir os traballos e servizos a realizar e fixar as condicións técnicas e establecer o prezos que han de rexer no contrato de Servizos de “Operacións de Conservación e Mantemento das Autoestradas AG-53 e AG-54 - Período 2021-2025”, de clave ATAU210101.

As vías obxecto de conservación e mantemento incluídas no presente prego son a **Autoestrada AG-53. Alto de Santo Domingo – A-52**, con 31 qm. de lonxitude, tramo autonómico da Autoestrada Santiago de Compostela – Ourense, entre o Pq 56,3 e a súa conexión coa Autovía A-52, e a **Autovía AG-54. AG-53 – O Carballiño**, con 5 km. de lonxitude, ademais dos seus enlaces, o que resumidamente se describe nos seguintes tramos:

- Autoestrada AG-53. Alto de Santo Domingo – A-52. Cunha lonxitude próxima a 31 quilómetros. Inicio no Enlace de Dozón (Pq 56,3) onde conecta con la AP-53, na provincia de Pontevedra e final nun enlace coa autovía A-52 e coa OU-402 (Pq. 87,0), na Provincia de Ourense. O límite entre a provincias de Pontevedra e Ourense sitúase no punto quilométrico 62,6. No seu percorrido inclúense tamén os seguintes enlaces:
 - ◆ Ramal de saída da AG-53 cara á N-525 en Dozón (no Alto de Santo Domingo), situado á altura do P.Q.56,3, que permite a saída cara á N-525 do tráfico da calzada esquerda da AG-53, en dirección Santiago (este ramal está previsto que entre en servizo a finais de 2021).
 - ◆ Ramal de acceso á AG-53 desde a N-525 en Dozón (no Alto de San Martiño), situado á altura do P.Q. 59,7, que permite o acceso á calzada dereita da AG-53, en dirección Ourense (previsto que entre en servizo ao longo de 2022).
 - ◆ Enlace coa N-525 en Piñor, situado á altura do Pq. 64,9 da AG-53, e que conecta coa N-525 no termo municipal de Piñor, cun ramal bidireccional de case un quilómetro de lonxitude.
 - ◆ Enlace coa OU-504 en Cea, situado á altura do Pq. 73,6 da AG-53 e que conecta coa OU-504, localizado nos termos municipais de San Cristobo de Cea, Maside e O Carballiño.
 - ◆ Enlace coa AG-54 en Maside, situado á altura do Pq 78,7 e do que parte a Autovía AG-54, tamén incluída na explotación por SPI Galicia, S.A.
 - ◆ Enlace coa A-52 e OU-402 en Toén, mediante o cal finaliza a AG-53 desembocando na A-52 e conectando á vez coa OU-402.
- Autovía AG-54. AG-53 - O Carballiño. Cunha lonxitude de 5,2 quilómetros. Inicio no enlace coa AG-53 (Pq 78,7) e conexión final coa N-541 mediante unha glorieta. Ademais, á altura do Pq. 1,4 existe un enlace coa estrada provincial OU-0303, e tamén forma parte do contrato a estrada paralela á AG-54, de case 1 qm. de lonxitude, que une este enlace coa N-541 “Variante de Maside”.

Ademais, estarán incluídos todos os camiños de servizo e cruces de camiños e estradas coa AG-53 e a AG-54, cuxas variantes foron executadas conxuntamente coas obras de construcción das devanditas vías e calquera dos outros terreos que integran a zona de dominio público adscrita a estas vías, así como todos os terreos expropiados para a construcción.

Igualmente incluiranse no obxecto do contrato calquera ampliación e/ou modificación das vías e instalacións anexas que se executen no período de vixencia do contrato.

Todos os traballos a realizar deberán adaptarse ás obrigacións establecidas para SPI Galicia, S.A. en aplicación do convenio asinado en 2007 por ACEOUSA (agora SPI Galicia tras fusión por absorción da anterior) e a Xunta de Galicia.

Nos planos adxuntos reflíctense os viarios e superficie obxecto de conservación e mantemento en virtude deste contrato.

O Director de Explotación designado por SPI Galicia, S.A. desempeñará funcións directoras fixando os criterios e liñas xerais da actuación do contratista co fin de que os traballos sirvan da mellor forma posible aos intereses e obxectivos perseguidos.

2. TRABALLOS A REALIZAR

As actuacións a executar neste contrato son as correspondentes a:

- ✗ **Actividades de explotación e axuda á vialidade**, destinadas a facilitar ou, no seu caso, a facer posible, a circulación dos vehículos na infraestrutura existente en condicións adecuadas de seguridade e fluidez.
- ✗ **Actividades de conservación ordinaria**, destinadas a atrasar todo o posible, o proceso de degradación das características funcionais ou estruturais dos elementos da estrada e a corrixir os impactos negativos da contorna que, sen supor degradación dos elementos, tamén impiden ou dificultan a correcta realización da súa función.
- ✗ **Actividades de conservación extraordinaria** (rehabilitación e mellora dos elementos), destinadas a pór en situación inicial as características dos elementos da estrada, ou no seu caso, a mellorar os estándares iniciais.

Os traballos a definir no presente prego son os correspondentes a unha xestión integral de conservación de estradas, complementadas coas actuacións necesarias para o mantemento das condicións estruturais do firme, así como a reparación urxente en zonas puntuais das estradas, debidas a causas naturais ou provocadas por accidentes.

Os traballos a realizar estrutúranse nos seguintes grupos, en función das operacións a realizar:

- ✗ **Grupo I:** Operacións de explotación, vixilancia, vialidade ordinaria e vialidade invernal.
- ✗ **Grupo II:** Operacións de emerxencia con medios propios.
- ✗ **Grupo III:** Operacións de conservación ordinaria e extraordinaria.

No Anexo nº 1 a este prego establecense as condicións técnicas de obrigado cumprimento e a frecuencia esixida, no seu caso, para cada unha das operacións e das unidades de obra de conservación, mantemento e explotación a realizar durante o desenvolvemento do contrato.

2.1. OPERACIÓN GRUPO I. OPERACIÓN DE EXPLOTACIÓN, VIXILANCIA, URXENCIA E EMERXENCIA; DE CONSERVACIÓN ORDINARIA DE BAIXO ALCANCE E DE XESTIÓN INTEGRAL DO SISTEMA DE MANTEMENTO.

Comprende as actuacións de explotación das vías, de vixilancia sistemática ou esporádica, a atención a accidentes e todas aquellas operacións que sexan necesarias para atender emerxencias e urxencias de tal maneira que queden garantidas as condicións normais de vialidade da autoestrada e enlaces, de cara á circulación e á seguridade da mesma.

Inclúese neste grupo a atención continuada – as 24 h. de todos os días do ano - do centro de control, mediante un operario que desenvolverá o seu labor na sala do centro de control, atendendo chamadas de emerxencia, detectando incidencias por si mesmo a través dos equipos informáticos e electrónicos (cámaras de vixilancia, estacións meteorolóxicas e aforadores) e xestionando os paneis de sinalización variable de acordo coas necesidades en cada momento. Este operario será o que reciba os avisos de urxencias e avisará ao retén de emerxencias ou quien resulte máis adecuado para a incidencia a atender.

Tamén inclúe todos aqueles labores sistemáticos de conservación ordinaria destinadas a garantir a vialidade, para as cales é suficiente a participación unicamente de man de obra, medios de transporte, utensilios, ferramentas e materiais auxiliares (pas, motoserras, vasoiras, carretillas, bolsas de recollida, etc.), e para as cales non sexa necesaria a utilización de maquinaria pesada nin materiais de reposición cuantiosos.

Tamén pertenecen a este grupo de operacións, todas aquelas de vixilancia diaria ou periódica, mediante o percorrido de todos os tramos a manter, para obter información do estado dos diferentes elementos da autoestrada.

O contratista deberá manter actualizados os inventarios de estruturas, firmes, sinalización, balizamento, defensas, equipos de control do tráfico e calquera outro que recolla os diferentes elementos existentes, tanto na plataforma das vías como na zona de dominio público.

Por último, inclúese dentro deste grupo, a implantación, seguimento e actualización dun sistema para a xestión da conservación e o mantemento dos equipos e sistemas de control e xestión do tráfico (aforadores, sinalización variable, meteoroloxía, videovixilancia, etc.). Durante a duración do contrato o adxudicatario será o responsable de manter a aplicación operativa e actualizala ou mellorala no caso de que calquera incidencia externa comprometa a súa operatividade.

2.2. OPERACIÓN GRUPO II. OPERACIÓN DE EMERXENCIA DE GRAN ALCANCE, CON MEDIOS PROPIOS.

Comprenderá os servizos correspondentes aos traballos necesarios para manter permanentemente o estado dos elementos das vías en condicións normais de vialidade e seguridade. Tamén incluirá as operacións necesarias para restablecer completamente as condicións normais de vialidade e seguridade derivadas de incidentes ou emergencias.

A execución de todos estes labores será levada a cabo cos medios humanos (man de obra), medios de transporte, utensilios, ferramentas e materiais auxiliares dispoñibles para as operacións do Grupo I, entendéndose que as operacións comprendidas neste Grupo II serán medidas e abonadas por medio de unidades de obra realmente executada, que incluirán exclusivamente a maquinaria pesada e os materiais de reposición necesarios, pero excluíndo, en xeral, a man de obra, medios de transporte, utensilios, etc. antes mencionados.

2.3. OPERACIÓN GRUPO III. OPERACIÓN DE CONSERVACIÓN ORDINARIA PROGRAMADA E EXTRAORDINARIAS DE REHABILITACIÓN E MELLORA.

Comprenderá as actuacións correspondentes aos traballos de conservación ordinaria e extraordinaria necesarios para o mantemento do estado de certos elementos das vías nos niveis de calidade desexables. Os ditos servizos serán de execución programada.

Para a execución, medición e abono destas operacións dispónense as unidades de obra específicas detalladas no orzamento do contrato, parte das cales inclúen a dotación completa dos medios necesarios, é dicir, man de obra, maquinaria e materiais, que operarán con independencia dos medios dispoñibles para os grupos I e II, mentres que outras contan cos medios humanos e auxiliares dispoñibles para os grupos I e II.

Ademais inclúese neste capítulo a execución de operacións extraordinarias destinadas á implantación de novas instalacións ou mellora das existentes para a conservación e explotación das vías e para a mellora de elementos das vías de calquera tipo, segundo a relación e valoracións que se inclúen no capítulo 4 deste prego.

3. DOTACIÓN E MEDIOS MÍNIMOS

Destinarase, con carácter exclusivo, á execución das operacións que se consideran no Grupo I, os medios mínimos necesarios de persoal e maquinaria especializada para establecer un Servizo de Vixilancia as 24 horas ao día durante todos os días do ano, así como o destinado á realización de operacións de conservación ordinaria de baixo alcance, realización de inventarios e inspeccións sobre os elementos das vías e para o mantemento dos sistemas de xestión e control do tráfico e do propio edificio do centro de control.

No anexo de condicións técnicas especificáñanse as esixencias mínimas de persoal, maquinaria, medios auxiliares e provisións de materiais que deberá achegar o adxudicatario para o desenvolvemento do contrato.

3.1. CENTRO DE CONTROL

Para a execución deste contrato pónse a disposición do adxudicatario o centro de control e explotación existente no Enlace coa OU-504 en Cea, á altura do Pq 73,2 da AG-53, o cal ten as seguintes características:

- ◆ Zona de oficinas composta polas seguintes dependencias principais:
 - Sala de control (incluída a sala de servidores): 56 m².
 - Despacho do Director de Explotación: 19 m²
 - Sala de reunións : 20 m²
 - Despacho do Xefe de Conservación: 18 m².
 - Oficinas de administración: 27 m².
 - Aseos: 6 m²
 - Vestíbulo: 8 m²
- ◆ Zona para operarios.
 - Despacho do encargado: 13 m².
 - Cociña-comedor: 21 m².
 - Vestuarios, con duchas e aseos: 37 m².
- ◆ Nave, para almacén de materiais, vehículos e medios auxiliares para a conservación: 298 m²
- ◆ Nave, para vialidade invernal, con planta de salmoira e zona para provisión de fundentes, e zona cuberta para aparcadoiro dos vehículos pesados vinculados ao contrato: 196 + 195 m²
- ◆ Silo para almacenamento e carga de sal de 100 tn.

O adxudicatario establecerá un sistema de comunicacións que funcionará durante as 24 horas de cada día, os 365 días ao ano. Este sistema estará dotado cos medios necesarios para recibir información das incidencias que afecten os tramos de vías obxecto deste contrato, así como para transmitir as ordes que permiten resolver as incidencias. Este sistema incluirá polo menos conexión de internet de alta velocidade, dúas liñas telefónicas (unha reservada para as comunicacións desde a sala de control) e unha de fax.

Igualmente, todos os equipos informáticos para a xestión do contrato serán dispostos polo adxudicatario, do mesmo xeito que impresoras (mínimo un láser A-3 cor), fotocopiadora (mínimo un láser A-3 cor) e escáner (mínimo A-3 cor).

Ademais, neste contrato inclúese unha mellora dos medios de conservación e explotación, coa implantación dun sistema de videoverificación dos aforamentos de tráfico, e unha actualización dos planos que definen o estado actual da infraestrutura, unha revisión e reposición dos marcos de delimitación da zona de dominio público e unha revisión do parcelario catastral, coa tramitación das correccións que sexan necesarias, segundo se detallará no apartado correspondente

Será obrigación do adxudicatario do contrato realizar os labores de mantemento de todas estas instalacións incluíndo limpezas periódicas da zona de oficinas, aseos, cociña, vestuarios e nave almacén. Igualmente será por conta do adxudicatario calquera custo relacionado coa explotación do mesmo (subministración de enerxía eléctrica, telecomunicacións, subministración de auga, saneamento, recollida de lixos, etc.). En definitiva, todos os custos relacionados co mantemento e explotación desta nave e oficinas, fóra das grandes reparacións ou melloras, serán por conta do adxudicatario.

Todas estas instalacións fixas deberán ser entregadas a SPI Galicia, S.A. en bo estado á finalización do contrato.

3.2. PERSONAL

- Dirección, con dedicación parcial.
 - ✓ Delegado do contratista, que deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares, cuxo custo será imputado aos gastos xerais.
- Persoal fixo, mínimo, xeral para todas as operacións do contrato, con dedicación exclusiva:
 - ✓ 1 Xefe COEX, con titulación enxeñeiro de camiños, canles e portos, enxeñeiro técnico de obras públicas ou titulación de grao (Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais) equivalente ás titulacións anteriores, cunha experiencia mínima de 5 años en contratos de características similares.
 - ☞ Terá dedicación exclusiva ao obxecto do contrato e residencia próxima ás vías obxecto do contrato.
 - ☞ Deberá atender persoalmente os accidentes graves e incidentes de consideración, comparecendo no lugar dos feitos sexa cal for a hora e o día de ocorrencia.
 - ☞ Será o responsable da organización e dirección dos equipos e persoal adscrito aos servizos de conservación e mantemento.
 - ☞ Será o responsable de presentar as planificacións anuais, mensuais e semanais, para a súa aprobación.
 - ☞ Será o responsable de comunicar ao Centro de Control, de forma inmediata, todas as incidencias observadas e á Dirección de Explotación as graves.
 - ☞ Este xefe COEX – substituído en caso de ausencia por vacacións ou calquera outra causa polo técnico COEX que dependa del – terá presenza física no centro COEX todos os días laborables en horario laboral, e deberá ter unha dispoñibilidade permanente o resto do tempo (24 horas ao día 365 días ao ano) para atender persoalmente incidencias ou accidentes de gravidade.
 - ☞ Independentemente da presentación dos plans, informes e partes de traballo periódicos establecidos ao longo deste prego, o Xefe COEX relacionarase directamente co Director de Explotación, do que recibirá as instrucións pertinentes para o cumprimento do contrato e ao que manterá informado da evolución dos traballos e avisaralle de calquera actuación non prevista que considere necesaria ou conveniente.

- ✓ 1 Técnico COEX, con titulación enxeñeiro de camiños, canles e portos, enxeñeiro técnico de obras públicas ou titulación de grao (Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais) equivalente ás titulacións anteriores, cunha experiencia mínima de 2 años en contratos de características similares.
 - ☞ Substituirá ao Xefe COEX en períodos de vacacións ou ante calquera outra ausencia xustificada.
 - ☞ Colaborará co xefe COEX en todas as súas tarefas.
 - ☞ Elaborará os partes ordinarios de vixilancia, incidencias, accidentes e operacións.
- ✓ 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos.
 - ☞ Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares.
 - ☞ Terá dedicación exclusiva e permanente ao obxecto do contrato e residencia próxima ás vías obxecto do contrato.
- Persoal fixo, mínimo, con dedicación exclusiva:
 - ✓ 5 operarios para atender por quendas a sala de control.
 - ✓ 7 oficiais de 1^a, indistintamente para traballos de vixilancia, retén de emerxencias e conservación, e que, ademais, realizarán labores de vialidade invernal no período designado. Para iso deberán dispor do carné e formación necesarios para o manexo da maquinaria de vialidade invernal.
- Resto de persoal fixo, mínimo, con dedicación parcial, que poderán depender de subcontratistas, segundo necesidade:
 - ✓ 1 delineante, para colaboración na elaboración de planos de informes periódicos ou puntuais.
 - ✓ 1 enxeñeiro de telecomunicacións, informático ou similar, con experiencia en sistemas e equipos de control e vixilancia do tráfico.
 - ✓ 1 técnico de mantemento de instalacións, con experiencia en labores de mantemento de equipos de control e vixilancia do tráfico.
 - ✓ 1 técnico electricista, con experiencia no mantemento de iluminacións públicas.

Todo o persoal que realice funcións nas vías estará dotado de roupa específica de traballo na que figuren os distintivos da empresa contratista, de SPI Galicia, S.A. e da Xunta Galicia, cos seus escudos, e a lenda "Conservación". Esta roupa utilizarase con carácter permanente en todas as operacións do contrato. Ademais, estará provista de elementos reflectores perfectamente visibles.

O persoal con dedicación exclusiva figurará específicamente no persoal da empresa e non terá carácter de simple asesor, senón que estará afecto á dirección, organización e execución dos traballos.

Calquera cambio que se produza neste persoal, durante o período do contrato, polos motivos que fosen, mesmo en períodos de vacacións, deberá poñerse previamente en coñecemento do Director de Explotación, que deberá dar a súa conformidade e expor as condicións de experiencia das novas persoas.

Deberá comunicarse ao Director de Explotación calquera ausencia do posto de traballo tanto do Xefe COEX como do Técnico COEX, previamente por permisos, licenzas ou vacacións, ou en canto sexa posible por enfermidade ou baixa médica. No caso do resto do persoal fixo con dedicación exclusiva será preceptiva esta comunicación en caso de ausencias de máis dunha semana de duración consecutiva.

3.3. HORARIO DE TRABALLO

A xornada de traballo computarase de modo que, tanto ao comezo como ao final da xornada diaria, o traballador se atope dispoñible no seu centro de traballo.

O horario de traballo será proposto polo adxudicatario na súa oferta e deberá ter en conta:

- ♦ O horario xeral será de aplicación para todos os traballadores dos Grupos I e II, excepto para os traballadores adscritos ao servizo de vixilancia ordinaria.
- ♦ Deberá coincidir coas horas de luz natural ao longo das diferentes épocas do ano.
- ♦ A adxudicación do contrato non implica a aceptación do horario proposto, que deberá ser aprobado por SPI Galicia, S.A.

Os horarios do persoal de oficina e de conservación poderán ser diferentes.

En caso de non existir acordo para outro horario establecerase un horario mínimo para todo o persoal, excluído o de atención da sala de control e o que exerza de retén en cada xornada, de 09:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 18:00 h., de luns a xoves e de 09:00 a 14:00 h. os venres. As restante horas laborables poderán ser decididas polo contratista, en todo caso pegadas aos anteriores horarios.

Calquera cambio de horario durante a duración do contrato deberá ser proposto polo contratista a SPI Galicia, que nun prazo máximo de 1 mes deberá aprobarlo ou rexeitalo xustificadamente.

3.4. VEHÍCULOS, MAQUINARIA E MEDIOS AUXILIARES

Polo que se refire a a maquinaria e outros medios detállase a continuación unha relación dos que, como mínimo, se considera necesario que se achén afectos a este contrato de forma exclusiva, en condicións de servizo e plenamente operativos, na zona de traballo ou no centro de conservación, sen prexuízo de que o adxudicatario deberá pór a disposición do contrato, en todo caso, todos os medios auxiliares e maquinaria que sexan necesarios para o adecuado desenvolvemento dos traballos e o cumprimento do programa establecido, durante o período no que os ditos traballos así o esixan.

Corren por conta do adxudicatario todos os custos derivados da adquisición, mantemento, reparacións, consumos, seguros, impostos e calquera outro derivado do uso de calquera tipo de vehículos e/ou maquinaria. Estes custos considéranse repercutidos nos prezos correspondentes.

Todos os vehículos haberán de balizarse, como mínimo, de acordo á lexislación vixente cumplindo as disposicións mínimas, características que se deberán detallar no Plan de Seguridade e Saúde.

Os vehículos asignados a vixilancia ordinaria e vialidade invernal, así como a maquinaria asignada ao contrato, non poderán abandonar as vías obxecto do contrato salvo que medie autorización expresa de SPI .

→ Vehículos e maquinaria permanentes.

- ✓ 1 turismo de , polo menos, 100 CV.
- ✓ 1 vehículo todo-terreo de , polo menos, 120 CV.
- ✓ 1 vehículo para vixilancia, tipo pick-up con caixa traseira para 4.500 kg. e panel de sinalización luminoso.
- ✓ 1 furgón 6 m³ de , polo menos, 120 CV, con fervenzas e equipos de sinalización con carro móvil.

- ✓ 1 camión 6x6, con caixa de 14 m³ e cesta para elevación de persoas ata 18 m. Este camión deberá poderse empregar para vialidade invernal cando sexa necesario mediante a montaxe sobre o mesmo dun depósito para cloruro sódico e o correspondente estendedor, así como dunha cuña ou coitelas para a retirada de neve.
- ✓ 1 coitelas orientable para retirada de neve, axustable sobre o camión antes sinalado.
- ✓ 1 equipo de estendido de fundentes para a súa montaxe sobre o camión antes sinalado, incluídos depósito de non menos de 10 m³ de sal, con dosificadores regulables electrónicamente e rexistro de datos.
- ✓ 1 pa mixta de polo menos 100 hp, con pa de capacidade non inferior a 1 m³.
- ✓ 1 martelo pneumático para a súa montaxe na pa mixta.
- ✓ 1 carro de sinalización móvil.
- ✓ 1 remolque cisterna de auga con capacidade para 10.000 litros.
- ✓ 1 máquina finca perfís
- ✓ 2 motoserras de polo menos 6 CV.
- ✓ 3 rozadoras manuais de polo menos 3 CV.
- ✓ 1 rebarbadora de polo menos 1.500 W.
- ✓ 1 compresor con martelo pneumático.
- ✓ 1 compactador lixeiro.

Todos os vehículos adscritos de maneira permanente ao contrato, salvo os turismos, han de ir equipados con enganche para remolque e cunha ponte de luces con indicación direccional de , polo menos, 5 elementos e dous sinais luminosos V-2.

Nos vehículos destinados a labores de vialidade ordinaria instalarase ademais un panel de mensaxe variable tipo LED.

Os vehículos asignados a vixilancia ordinaria e vialidade invernal deberán estar equipados con GPS, instalándose no centro de control este sistema de localización, con todos os medios necesarios para o seu funcionamento, transmisión de datos e gravación, visualización, representación e seguimento dos mesmos, etc. Igualmente, cada vehículo asignado a vialidade ordinaria e vialidade invernal contará con teléfono móvil ou radioteléfono que se intercomunicará co centro de comunicacóns.

- Maquinaria e medios auxiliares temporais (operacións grupo II e outros), que deberán estar dispoñibles, en menos de 24 h. para situacóns de emerxencia e de 72 h. para outros casos.
 - ✓ 1 furgoneta.
 - ✓ 1 camión 4x4 con caixa basculante para 14 tn. e pluma-guindastre de , polo menos, 20 m·Tn.
 - ✓ 1 camión varredora para limpeza da calzada, con ancho de traballo non inferior a 2 m. e tolva de non menos de 4 m³.
 - ✓ 1 retroescavadora de rodas de polo menos 130 CV.
 - ✓ 1 equipo de sinalización con carro móvil.
- Maquinaria e medios auxiliares para vialidade invernal. Ademais dos medios permanentes, antes descritos, durante o período de vialidade invernal dispórase adicionalmente de:
 - ✓ 2 camións 6x6 de , polo menos, 300 cv, aptos para labores de vialidade invernal, coas correspondentes coitelas ou cuñas orientables e equipos de estendido de fundentes, un con equipo para estendido de salmoira, con depósito de non menos de 10 m³, e o outro con equipo para estendido mixto de sal e

salmoira, incluído depósito de non menos de 8 m³ para salmoira e 4 m³ para sal, ambos con dosificador regulable electrónicamente e rexistro de datos.

Toda a maquinaria deberá ter unha antigüidade máxima de 5 anos ao comezo do contrato e atoparse en perfecto estado de uso, renovándose en todo caso cando alcancen unha idade de 8 anos, ou antes en función do seu estado de conservación. No caso de que calquera vehículo ou maquinaria sufra avarías frecuentes que limiten a súa dispoñibilidade máis dun 1 mes, continuo ou acumulado, durante un período de 12 meses, SPI Galicia poderá esixir a súa substitución, aínda que non alcance a antigüidade indicada.

Polo menos o Xefe de Conservación deberá dispor de teléfono móvil ou elemento equivalente, que lle permita o envío ou a recepción de fotografías de maneira inmediata para o seu emprego ante sucesos de relevancia. Este aparello disporá ademais de conexión a internet e permitirá a xestión de contas de correo electrónico.

Ademais, o encargado e o xefe de equipo de vixilancia ou do retén de emergencias disporán de aparellos dotados de GPS, conexión GPRS e cámara de fotos para a toma de datos «in situ» directamente e a súa actualización sobre a aplicación informática de xestión que se dispoña.

Adicionalmente disporase de 1 cámara de fotografía dun mínimo de 5 megapíxeles e resolución 2.048x1.152.

3.5. MEDIOS AUXILIARES E PROVISIÓN

O contratista deberá achegar os seguintes medios auxiliares, cuxo custo se abona segundo as partidas alzadas correspondentes, con disposición permanente no centro de conservación, para o seu uso en caso de necesidade, repónndoos á súa costa en caso de deterioración ou rotura:

- 1 grupo electróxeno de 4,4 KVA con accesorios.
- 1 grupo de soldadura.
- 1 formigoneira eléctrica de non menos de 200 l.
- 2 xogos de sinalización para cortes de carril, válidos tanto para corte de carril esquierdo como derecho.
- 1 xogo completo de desvío de tráfico por mediana, considerando a separación de sentidos por unha calzada en, polo menos, 2.000 m.
- 400 conos de dúas pezas, con base lastrada, de 75 cm. de altura.
- 40 barreiras plásticas recargables con auga.
- 2 fervenzas luminosas de 8 elementos.
- 2 xogos de paneis con sinalización luminosa para cortes nocturnos.
- 3 cepillos e 3 pas.

Ademais, disporase dunha provisión dos materiais e produtos de uso máis frecuente, coas contías mínimas que se indican a continuación, e que deberán almacenarse no centro de conservación, para facilitar unha reparación ágil e eficaz dos danos más frecuentes. Os ditos materiais, ata a contía mínima sinalada neste prego, ou superior, se ese incremento é requerido por SPI Galicia, serán abonados no momento en que se almacenen, segundo as unidades ou prezos unitarios que correspondan. Nun prazo non superior a 10 días laborables despois do seu uso parcial ou total deberá restablecerse a provisión mínima.

- Area. 100 kg.

- Grava. 100 kg.
- Cemento. 100 kg.
- Absorbente para verteduras de hidrocarburos na estrada. 100 kg.
- Desengrasante para manchas oleosas na estrada. 200 l.
- Emulsión bituminosa para imprimación e selado de asfaltos en frío. 20 kg.
- Aglomerado asfáltico en frío, formado por unha mestura de agregados minerais e ligante bituminoso. 100 kg.
- Malla de arame de aceiro galvanizada ou plastificada de simple torsión ST/40-14 en rolos de 2,0 m. de altura. 50 ml.
- Malla de arame de aceiro galvanizada ou plastificada de simple torsión ST/50-17 en rolos de 2,0 m. de altura. 50 ml.
- Tubo de aceiro galvanizado en quente de 50 mm. de diámetro e 2,0 m. de altura. 10 unidades.
- Tubo de aceiro galvanizado en quente de 80 mm. de diámetro e 2,0 m. de altura, con baioneta. 5 unidades.
- Riostras para poste principal de valo de cerramento. 4 unidades.
- Parafusos, tensores, arames, etc. necesarios para a suxección e tensado da malla de cerramento e postes amoreados.
- Valo bionda de aceiro galvanizado para barreira de seguridade, en pezas de 4 m. de lonxitude. 100 m.
- Poste metálico C-100 para barreira de seguridade. 5 ud. de 2,0 m.
- Poste metálico C-120 para barreira de seguridade. 5 ud. de 2,0 m.
- Poste metálico tubular 120x53x3 mm. para barreira de seguridade. 10 ud. de 2,0 m.
- Captafaros a 2 caras para montaxe en barreira de seguridade. 10 unidades.
- Captafaros a 2 caras para colocación en calzada, incluído o adhesivo necesario. 10 unidades.
- Sistema para protección de motoristas con postes tipo C cada 4 m. 60 m.
- Terminal normal de defensa en barreira de seguridade sobre onda, tipo cola de peixe. 2 unidades.
- Terminal normal de defensa en barreira de seguridade sobre onda, tipo cola de peixe esmagada, con ancoraxes a muro. 2 unidades.
- Terminal de barreira de seguridade metálica para protección de motoristas. 2 unidades.
- Tornillería, conectores e separadores. Os necesarios para a montaxe de valo bionda e sistema de protección para motoristas en 25 e 15 postes, respectivamente.
- Fitos de aresta modelo autovía de 105 cm. 10 unidades.
- Fito de vértice de poliéster de 1.200 mm. 2 unidades.
- Fito de vértice de poliéster de 1.800 mm. 2 unidades.
- Baliza flexible para a súa colocación mediante casquillo roscado ao pavimento. 10 unidades.
- Baliza flexible reemplazable. 5 unidades.
- Pantalla antirruído metálica. 16 m².
- Pantalla antirruído de metacrilato. 4 m².

Durante o período de vialidade invernal deberá disporse do seguinte stock mínimo:

- Cloruro sódico de calquera orixe para o seu emprego como fundente. 100 m³, que se deberán ampliar a 250 m³ se hai previsión de nevadas nas seguintes 72 h.
- Cloruro sódico de orixe mariña para a fabricación de salmoira. 50 m³, ampliables a 150 m³ ante a previsión de nevadas en 72 h.
- Cloruro cálcico para o seu emprego como fundente. 10 m³.

Toda a sinalización deberá rexerse pola norma 8.3-IC e cumplir os mínimos establecidos tanto no “Manual de exemplos de sinalización de obras fixas” como en “Sinalización móvil de obras”, publicacións ambas as do Ministerio de Fomento.

Todas as sinais a emplegar na sinalización de traballos, cortes de carril e calquera afección ao tráfico, deberá ter unha antigüidade igual ou inferior a 5 anos ao comezo do contrato e substituirase por outra nova cando a súa antigüidade alcance os 8 anos ou o seu estado así o requira, deberá levar o anagrama de SPI e o seu nivel de retroreflectancia será II.

4. OPERACIÓN EXTRAORDINARIAS DO GRUPO III

Neste contrato inclúese a execución das seguintes operacións extraordinarias dirixidas a facilitar e mellorar a explotación e conservación das vías incluídas no obxecto deste contrato.

4.1. VIDEOVERIFICACIÓN DE AFORAMENTOS

Para facilitar a realización de videoverificacións manuais de aforamentos se realizarase unha actuación sobre o aforamento mediante expiras de cálculo de vehículos existentes, consistentes na disposición de cámaras nos 6 puntos de aforamento situados no tronco da AG-53 e AG-54, e na implantación na sala de control dun hardware e software que realice a montaxe dos datos rexistrados polos aforadores de tráfico sobre os vídeos gravados polas anteriores cámaras.

O alcance desta actuación detállase no anexo a este prego, e deberá estar operativa no prazo máximo de 1 ano desde o inicio da execución do contrato.

4.2. ACTUALIZACIÓN DE PLANOS DO ESTADO ACTUAL DA INFRAESTRUTURA

O adxudicatario realizará unha actualización dos planos do estado final das obras, realizando as comprobacións topográficas e taquimétricas que resulten precisas para garantir a fiabilidade dos planos respecto ao estado actual de toda a zona obxecto de conservación, que comprenderá polo menos os indicados no anexo a este prego.

No prazo máximo de 18 meses desde o inicio da execución do contrato deberá presentarse este documento, nun CD que conterá os ficheiros editables en formato DWG, debidamente referenciados entre si para que sexa posible a súa correcta visualización sen necesidade de corrixir vínculos de arquivos, un PDF por cada serie de planos e un PDF co documento completo, asinado electrónicamente.

Calquera actuación que supoña alguma modificación nestes planos deberá ser actualizada, polo que ao longo do primeiro de trimestre de cada ano emitirse un novo documento completo, que irá precedido dunha ficha na que se enumerarán os planos que sufrieron variacións respecto da versión anterior. No caso de que non haxa ningunha variación respecto ao ano anterior emitirse un simple certificado indicando este feito, non sendo necesario elaborar este novo documento.

No caso de variación das liñas límite de protección establecidas en base á Lei 8/2013, de Estradas de Galicia, os planos correspondentes actualizaranse no prazo máximo de 2 meses desde que se coñeza a necesidade da súa modificación, presentándose de maneira independente ao documento do estado actual da obra, no cal tamén se incluirán cando se actualice o dito documento.

Será obxecto de abono a realización da primeira actualización, segundo o prezo indicado no cadro de prezos deste contrato. As restantes actualizacións non serán obxecto de abono, considerándose o seu custo incluído na partida alzada de abono íntegro mensual pola xestión do contrato e explotación do centro de conservación, coa excepción da posible necesidade de modificación posterior dalgúnha liña límite de protección, que se abonará segundo os prezos específicos establecidos no cadro de prezos.

4.3. REVISIÓN E RENOVACIÓN DE MARCOS DE DELIMITACIÓN DA ZONA DE DOMINIO PÚBLICO

Durante o segundo ano do contrato, o adxudicatario realizará unha revisión exhaustiva dos marcos que delimitan a zona de dominio público, elaborando unha ficha por cada marco na que se incluirá un plano, datos do marco (coordenadas, dimensións e data de colocación), e dúas fotografías (xeral e de detalle).

En base a esta revisión realizarase unha campaña de mantemento, que incluirá a recolocación de marcos movidos ou que non estean ben fixados ao terreo, substitución de placas en mal estado ou que falten, e a colocación de novos marcos no caso de que falten ou estean moi deteriorados.

No anexo a este prego detállanse os traballos a realizar nesta actuación.

4.4. ACTUALIZACIÓN DE EXPROPIACIÓN.

O adxudicatario realizará unha actualización da zona expropriada, revisando a posibilidade de promover a reversión ou desafectación dos terreos que non estean incluídos na zona de dominio público adxacente das vías, e que non sexan necesarios para a óptima realización dos labores de conservación, explotación e mantemento das mesmas.

Ademais, revisarase a cartografía catastral, promovendo ante este organismo as correccións que sexan necesarias para asegurar a correspondencia do parcelario oficial catastral co realmente expropriado para as obras de construcción de AG-53, AG-54 e os seus enlaces.

No anexo a este prego detállanse os traballos a realizar nesta actuación.

5. SISTEMA DE XESTIÓN DA CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN

Todos os traballos realizados en virtude do presente contrato xestionaranse a través da aplicación informática posta a disposición pola Axencia Galega de Infraestruturas, actualmente EXCON, sendo responsabilidade do contratista a carga correcta na mesma de todos os datos necesarios para o dito seguimento, relativos a vixilancia das vías, incidencias, accidentes e todo tipo de operacións. O acceso a esta aplicación será facilitado pola Xunta de Galicia.

Correrán a cargo do adxudicatario a adquisición e mantemento de equipos móbiles para a toma e carga de datos en tempo real, "in situ".

Ademais, para a xestión do mantemento e inspección das estruturas a Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia facilitará acceso a outra aplicación informática específica, actualmente XOPA.

Calquera outra aplicación informática cuxo uso poida ser necesario para a xestión do contrato será por conta do contratista, tanto a súa adquisición como o seu mantemento.

Ademais, realizaranse de forma independente os partes e informes que se describen nos seguintes apartados. Todos os informes deberán presentarse no seu formato informático orixinal editable e en pdf asinados electrónicamente.

5.1. PLAN DE CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN ANUAL

Ao comezo do contrato e antes do 15 de novembro de cada ano actualizarase o **Plan de Conservación e Explotación** para a súa presentación e aprobación, por SPI Galicia, S.A. e pola Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia.

Mediante o dito plan elaborarase unha planificación para o ano seguinte das actividades de conservación e explotación que conterá a programación destas, os recursos humanos e medios materiais que se disporán a estes efectos, o inventario dos elementos a conservar e os sistemas de revisión previstos para controlar os indicadores fixados para determinar a calidade do servizo e o estado da autoestrada.

No mesmo describirase a estrutura organizativa, de persoal, maquinaria, medios auxiliares e instalacións que participarán na fase de explotación, incluíndo un organigrama da conservación e explotación no que se detalla a distribución do persoal, así como a súa dependencia funcional e xerárquica.

Describiranse ademais as actividades e operacións a realizar na fase de explotación, así como a organización dos medios materiais e humanos para cada unha delas, establecendo a súa división segundo os grupos das operacións (I e II).

Ademais, no Plan de Conservación e Explotación incluiranse:

- Un plan de vialidade invernal, no que se detalle o tipo e cantidade dos fundentes previstos, maquinaria e persoal estimados, así como o calendario anual de previsións de utilización dos mesmos.
- Un plan de percorridos de vixilancia das vías para asegurar un adecuado recoñecemento e vixilancia desta e a súa contorna.

- Un plan de actuación fronte a situacións de emergencia extraordinaria, recollidas dentro das operacións especiais, indicando os posibles protocolos de actuación e os medios adicionais que serán necesarios para cada caso previsible.
- Un programa de actividades para a inspección de estruturas e pequenas obras de fábrica.

5.2. PROGRAMAS DE CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN

Semestralmente elaborarase o correspondente **Programa de Conservación e Explotación** no que se describirán as actuacións previstas para a súa execución durante o semestre seguinte, polo que estes programas deberán presentarse antes do 20 de maio e do 20 de novembro de cada exercicio.

Mediante estes programas detallaranse as operacións a realizar durante o período sinalado, especificando as súas características, a relación e contía de todos os traballos que se prevé levar a cabo, a súa localización e calendario -precisando a frecuencia e as datas de execución-, e os recursos -relación e contía de persoal, maquinaria e materiais- a empregar para cada un dos traballos incluídos no programa. A programación cobre, ademais, circunstancias relativas á atención de necesidades imprevistas, a distribución das tarefas a realizar, a organización e coordinación dos distintos equipos, etc.

5.3. PLAN MENSUAL DE CONSERVACIÓN

Cada mes confeccionarase un Plan de Operacións no que se detallen as actuacións de conservación a realizar durante o mes seguinte ao da confección, actualizándose os medios dispoñibles para ese mes (tanto materiais como humanos).

Este plan mensual presentarase polo contratista ao Director de Explotación antes do día 25 de cada mes para a súa supervisión, modificación de todo aquilo que considere oportuno, e aprobación para a súa devolución ao contratista, servindo como programación das actividades a realizar diariamente, salvo as modificacións puntuais producidas por incidencias de actuación inmediata.

5.4. PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE

Previamente ao comezo da execución do contrato o contratista deberá elaborar o Plan de Seguridade e Saúde que recollerá as medidas que nesta materia se deban ter en conta en todas e cada unha das súas actuacións. Este plan deberá ser presentado a SPI Galicia, S.A. nun prazo máximo dun mes desde a comunicación da adjudicación definitiva deste contrato, quen co informe favorable do coordinador de seguridade e saúde, o aprobará, unha vez corrixidas as deficiencias que, no seu caso, se detectasen.

5.5. PLAN DE ASEGURAMENTO DA CALIDADE

Antes de 30 días tras o comezo da execución do contrato o contratista deberá presentar o Plan de Aseguramento da Calidade que se manterá durante o desenvolvemento deste contrato.

5.6. PLAN DE XESTIÓN AMBIENTAL

Igualmente, antes de 30 días tras o comezo da execución do contrato o contratista deberá presentar o Plan de Xestión Ambiental, no que se recollerán, definirán e valorarán as medidas para garantir a protección do medio ambiente que serán levadas a cabo durante o desenvolvemento deste contrato. Así mesmo, incluiranse as actividades previstas para a realización do seguimento e vixilancia ambiental das medidas propostas.

5.7. XESTIÓN DE RESIDUOS

Igualmente, antes de 30 días tras o comezo da execución do contrato o contratista deberá presentar un estudo de Xestión de Residuos, dando cumprimento ao RD 105/2008, estimando a cantidade de residuos prevista, as actuacións de xestión previstas, así como a valoración do custo previsto da dita xestión.

Os residuos a xerar codifícaranse conforme a Lista Europea de Residuos publicada por Orde MAM/304/2002 de 8 de febreiro ou as súas modificacións posteriores.

No caso de que dentro do dominio público se atopen residuos alleos á actividade propia do contrato (RSU, RCD, RP, etc.) deberanxse cumplir as especificacións da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e chans contaminados, así como as perceptivas ás características do tipo de residuo a tratar, sendo obrigación do Adxudicatario transportar e xestionar os ditos residuos, baixo as premisas que marquen as leis correspondentes.

Nos prezos incluídos no presente prego considérase incluído o canon correspondente á xestión dos residuos xerados polos traballos a desenvolver.

5.8. PARTES DE TRABALLO

Para permitir o seguimento administrativo da execución das operacións de conservación e explotación previstas neste contrato requirirase a presentación de partes e informes con diferentes frecuencias e prazos.

Toda a documentación deberá ser elaborada, presentada e asinada electrónicamente. Calquera documentación tamén podería ser requirida en papel, se o Director de Explotación o solicita.

5.8.1. PARTES DE SEGUIMENTO DIARIOS

Estes partes deberán ser asinados polo xefe do equipo que realice os labores correspondentes e polo encargado que os supervise, e remitidos ao Director de Explotación e a quien este indique, cunha frecuencia semanal, salvo outra indicación expresa.

- **Parte de Vixilancia.** Formulado polo xefe de equipo, segundo modelo no que se reflectirán o persoal e medios empregados para a realización da vixilancia, os percorridos realizados no día ao longo das vías obxecto do contrato polo equipo de vixilancia. No mesmo sinalarase, no seu caso, a existencia de calquera incidencia, accidente ou labores de vialidade invernal, as cales se detallarán nos seus partes correspondentes.
- **Parte de Comunicacións.** O persoal encargado das Comunicacións terá que redactar diariamente un Parte de Comunicacións, que recolla, polo menos, a seguinte información: persoal que atende esta función e horarios correspondentes ás súas quendas de traballo, chamadas recibidas, con indicación do

emisor, asunto da chamada e hora, chamadas emitidas polo Centro de comunicacións, con indicación da hora, o receptor da mesma e o asunto tratado.

- **Parte de Incidencias.** Formulado polo xefe de equipo que atenda a incidencia, redactarase un parte por cada incidencia detectada nas vías obxecto deste contrato, no que se detallarán todas as circunstancias que permitan a súa correcta definición, con especial atención ás operacións realizadas polo persoal que interviñese (emprego de maquinaria e materiais) e dos danos que poidan producirse sobre as ditas vías e as operacións que será necesario realizar para a súa reparación, cunha estimación da súa medición e custo.
Cando se detecte calquera defecto ou dano no valo de cerramento, que reduza a súa efectividade, deberá procederse a realizar a correspondente reparación, de forma inmediata no caso de defectos leves e nun prazo non superior a 48 h. para danos importantes.

Estes traballos serán realizados polo persoal e cos medios vinculados ao contrato, sendo de abono únicamente os materiais empregados, atendendo á relación dos mesmos incluída no capítulo correspondente de operacións do grupo II.

A.1.2.7.3 INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA E AMBIENTAL

No orzamento do contrato defínense materiais e unidades para prever a necesidade de calquera actuación en relación coa integración paisaxística e ambiental da infraestrutura. En particular defínense os medios precisos para realizar a reparación das pantallas anti-ruído existentes e para a plantación de diversas especies de árbores e arbustos, hidroseembras, céspede, etc.

Estes traballos serán realizados polo persoal e medios vinculados o contrato ou por persoal ou empresas subcontratadas no caso de que a carga de traballo do persoal propio impida a súa dedicación a iso, decidindo a dirección do contrato sobre como, cando e que medios se aplican para a realización dos traballos, sendo de abono os prezos unitarios dos materiais empregados ou das unidades executadas, segundo o caso.

A.1.2.7.4 ILUMINACIÓN

Para a reposición de luminarias e lámpadas de iluminación, así como de báculos ou calquera outro elemento da iluminación que precise a súa substitución serán de aplicación as unidades e prezos definidos no orzamento do contrato. Será obligatorio realizar a reparación das luminarias avariadas, nun prazo máximo de 2 semanas desde a súa detección, cando as mesmas supoñan máis dun 15% das luminarias de calquera enlace ou cando haxa máis de 2 luminarias consecutivas non operativas. No caso de que as avarías

non cheguen a eses niveis realizarase unicamente unha campaña anual para reparar todas as avarías, entre outubro e novembro.

As lámpadas instaladas para a iluminación exterior do centro de conservación serán substituídas polo contratista ao seu cargo, en base á repercusión contemplada na partida alzada correspondente, mentres que as restantes serán abonadas segundo os prezos existentes no orzamento do contrato.

Estes traballos serán xeralmente realizados polo persoal e cos medios vinculados ao contrato, sendo de abono unicamente os materiais empregados, atendendo á relación dos mesmos incluída no capítulo correspondente de operacións do grupo II. No caso de gran complexidade dalgunha actuación ou existindo unha importante carga de traballo do persoal e/ou medios propios a dirección do contrato poderá autorizar a subcontratación destes traballos, abonándose nese caso o custo do persoal e maquinaria externos ao contrato empregados, de acordo cos prezos establecidos nos cadros de prezos.

A.1.2.7.5 CENTRO DE CONTROL E CONSERVACIÓN

Inclúense neste capítulo os traballos necesarios para manter en perfecto estado de conservación e funcionamento as instalacións existentes no centro de conservación, incluíndo tanto a superficie susceptible de uso para provisións ou calquera outra actividade, como as edificacións existentes; centro de control, incluída sala de control, oficinas e nave, e nave de vialidade invernal.

O adxudicatario deberá realizar os labores de conservación e mantemento necesarias para preservar a dita operatividade. Considérase incluído no importe da partida alzada correspondente o custo de traballos de limpeza e mantemento e de calquera pequena reparación, polo que para estas actuacións non resultará de abono nin a man de obra, nin os medios auxiliares nin os materiais necesarios. No caso de que sexan necesarias grandes reparacións as mesmas abonaranse segundo os prezos existente no contrato.

A.1.2.7.6 VARIOS

Ademais do repintado planificado na conservación ordinaria será preceptivo realizar o repintado de calquera elemento metálico danado por calquera motivo e que perdeuse a protección da pintura, entrando por iso en risco de oxidación ou calquera outro dano, nun prazo non superior a un mes desde que se detectou o problema.

Estes traballos poderán ser realizados polo persoal e cos medios vinculados ao contrato, sendo de abono unicamente os materiais empregados, atendendo á relación dos mesmos incluída no capítulo correspondente de operacións do grupo II.

A1.3. OPERACIÓN GRUPO III.

Neste grupo inclúense todas as actuacións de conservación ordinaria programada e extraordinarias que, polo seu carácter excepcional, para a súa execución non é suficiente os medios propios de conservación.

As actuacións previstas son as sinaladas na memoria deste prego, e os seu detalles e condicións de execución describíense nas propias unidades definidas para o abono da súa execución.

En calquera caso, a execución de toda unidade de obra que coincida con alguma recollida no prego de prescripcións técnicas xerais para obras de estradas e pontes (PG-3) axustarase ás condicións establecidas na dita norma, salvo que se indique expresamente outra cousa neste prego particular.

A1.4. NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO

No desenvolvemento das actividades e operacións a executar en virtude do contrato será de obrigado seguimento a lexislación e normativas de aplicación, entre as que se inclúen as seguintes:

A1.4.1 ADMINISTRATIVAS E DE TIPO XERAL

A.1.4.1.1 XERAIS

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das administracións públicas.
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro. Regulamento Xeral da Lei de Contratos coas Administracións Públicas.
- Decreto 3854/1970 polo que se aproba o Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Obras do Estado e demais disposicións complementarias concordantes.
- Convenio Colectivo da Construcción. O que corresponda no ano de execución do contrato.

A.1.4.1.2 ESTRADAS

- Lei 8/2013 do 28 de xuño de 2013 de Estradas de Galicia e as súas modificacións.
- Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

A.1.4.1.3 AMBIENTAL

- Real Decreto 710/2015, do 24 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.
- Real Decreto 180/2015, do 13 de marzo, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.
- Decreto 169/2014, do 26 de decembro, polo que se derroga o Decreto 154/1993, do 24 de xuño, polo que se aproba o réxime xurídico básico do servizo público de xestión dos residuos industriais na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Regulamento Nº1357/2014 da Comisión Europea do 18 de decembro de 2014 polo que se substitúe o anexo III da Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas Directivas.
- Lei 21/2013 do 9 de decembro de Avaliación Ambiental.
- Real Decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

CONDICIÓNNS TÉCNICAS DE OPERACIÓNNS E UNIDADES DE OBRA

- Orde AA/1783/2013, do 1 de outubro, pola que se modifica o anexo 1 do Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de Envases e Residuos de Envases, aprobado por Real Decreto 782/1998, do 30 de abril.
- Lei 5/2013, do 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación e a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e chans contaminados.
- Orde AA/661/2013, do 18 de abril, pola que se modifican os anexos I, II e III do Real Decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito no vertedoiro.
- Orde do 1 de abril de 2013 pola que se designan os órganos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura competentes para a tramitación das comunicacións previas ao exercicio das actividades de producción e xestión de residuos previstas pola Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e chans contaminados.
- Lei 11/2012, do 19 de decembro, de medidas urxentes en materia de medio ambiente.
- Regulamento Nº1179/2012 da Comisión Europea do 10 de decembro de 2012 polo que se establecen criterios para determinar cando o vidro recuperado deixa de ser residuo conforme á Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello.
- Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e chans contaminados
- Real Decreto-Lei 17/2012, do 4 de maio, de medidas urxentes en materia de medio ambiente.
- Regulamento Nº333/2011 do Consello Europeo do 31 de marzo de 2011 polo que se establecen criterios para determinar cando determinados tipos de ferralla deixan de ser residuos conforme á Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello.
- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.
- Real Decreto 1/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos Plans Hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Júcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Douro, Tajo, Guadiana e Ebro.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula o rastrexo dos residuos.
- Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas Directivas.
- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Lei 7/2008 do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a producción e xestión dos residuos de construcción e demolición.
- Orde MAM/85/2008, do 16 de xaneiro , pola que se establecen os criterios técnicos para a valoración dos danos ao dominio público hidráulico e as normas sobre toma de mostras e análises de verteduras de augas residuais.
- Lei 34/2007 do 15 de novembro de Calidade do Aire e Protección da Atmosfera.
- Lei 26/2007 do 23 de outubro de Responsabilidade Ambiental.
- Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.
- Real Decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Planificación Hidrológica.

CONDICIÓN TÉCNICA DE OPERACIONES E UNIDADES DE OBRA

- Real Decreto 1421/2006, do 1 de decembro , polo que se modifica o Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestre.
- Orde do 15 de xuño de 2006 pola que se desenvolve o Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da producción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Real Decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados.
- Real Decreto 524/2006, do 28 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 212/2002, do 22 de febreiro, polo que se regulan as emisións sonoras en ámbito debidas a determinadas máquinas de uso ao aire libre.
- Real Decreto 252/2006, do 3 de marzo, polo que se revisan os obxectivos de reciclaxe e valorización establecidos na Lei 11/1997, do 24 de abril, de Envases e Residuos de Envases, e polo que se modifica o Regulamento para a súa execución, aprobado polo Real Decreto 782/1998, do 30 de abril .
- Real Decreto 1619/2005, do 30 de decembro, sobre a xestión de pneumáticos fóra de uso.
- Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do chan e os criterios e estándares para a declaración de chans contaminados.
- Lei do Ruído. Lei 37/2003 do 17 de novembro e o seu desenvolvemento en RD 1513/2005 do 16 de decembro e RD 1367/2007 do 19 de outubro.
- Real Decreto 255/2003 do 28 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos.
- Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos.
- Real Decreto 995/2000, do 2 de xuño, polo que se fixan obxectivos de calidade para determinadas sustancias contaminantes e se modifica o Regulamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril .
- Lei 41/1997, do 5 de novembro, pola que se modifica a Lei 4/1989, do 27 de marzo, de Conservación dos Espazos Naturais e da Flora e Fauna Silvestre.
- Lei 11/1997, do 24 de abril, de Envases e Residuos de Envases.
- Real Decreto 1315/1992, do 30 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Regulamento do Dominio Público Hidráulico aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, co fin de incorporar á lexislación interna a Directiva do Consello 80/68/CEE do 17 de decembro de 1979, relativa á protección das augas subterráneas contra a contaminación causada por determinadas sustancias perigosas.
- Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre.
- Regulamento do Dominio Público Hidráulico RD 849/1986 do 11 de abril, así como RD 9/2008, do 11 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico RD-849/1986.
- Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres.
- Lei 1/1995 do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.
- Normas ISO 9000 sobre Sistemas de Calidade e ISO 14000 sobre Sistemas de Xestión Ambiental.

A.1.4.1.4 PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL

- Lei 16/1985 do 25 de xuño de Patrimonio Histórico Español, e R.D. 111/1986 do 10 de xaneiro.

CONDICIÓN TÉCNICAS DE OPERACIONES E UNIDADES DE OBRA

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade autónoma de Galicia
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o Inventario Xeral de patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 571/1963, do 14 de marzo, sobre protección dos escudos, emblemas, pedras heráldicas, picotas, cruceiros e pezas similares de interese histórico-artístico.

A.1.4.1.5 SEGURIDADE E SAÚDE

- Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro (B.O.E. de 25 de outubro), polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción.
- Real Decreto 286/2006, do 10 de marzo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído.
- Estatuto dos Traballadores. R.D. 1/1995 do 24 de marzo e modificacións posteriores: Lei 60/1997, do 19 de decembro; R.D. 488/1998, do 27 de marzo; R.D. 1659/1998, do 24 de xullo; R.D. 2720/1998, do 18 de decembro; Lei 24/1999, do 6 de xullo e Lei 33/2002, do 5 de xullo.
- Orde do 16 de Abril de 1998 sobre Normas de Procedemento e Desenvolvemento do Regulamento de Instalacións de Protección contra Incendios (R.D.1942/1993).
- Real Decreto 614/2001 do 8 de Xuño, sobre disposicións mínimas para protección da seguridade e saúde dos traballadores fronte ao risco eléctrico.
- Real Decreto 681/2003, do 12 de xuño, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores expostos aos riscos derivados de atmosferas explosivas no lugar de traballo.
- Real Decreto 836/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba unha nova Instrucción técnica complementaria MIEAEM2 do Regulamento de aparellos de elevación e mantemento, referente a guindastres torre para obras ou outras aplicacións.
- Real Decreto 837/2003, do 27 de xuño, polo que se aproba o novo texto modificado e refundido da Instrucción técnica complementaria, MIEAEM4 do Regulamento de aparellos de elevación e mantemento, referente a guindastres móbiles autopropulsados.
- Real Decreto 1311/2005, do 4 de Novembro, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores fronte aos riscos derivados ou que poidan derivarse da exposición a vibracións mecánicas.
- Lei 54/2003 do 12 de decembro, de Reforma do marco normativo da Prevención de Riscos Laborais, e RD 171/2004 do 30 de xaneiro, que desenvolve o art. 24 da Lei 31/1995.
- Regulamento de explosivos RD 230/1998 do 16.2.98 e R. D 277/2005.
- Real Decreto 39/1997 do 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención e modificacións posteriores.
- Real Decreto 286/2006 sobre protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído.
- Normativa sobre Seguridade e Saúde: Reais Decretos 485, 486, 487 e 488/1997 do 14 de Abril, 664 e 665/1997 do 12 de maio, 773/1997 do 30 de maio, 1215/1997 do 18 de xullo e modificacións posteriores, 1389/1997 do 5 de setembro, 1627/1997 do 24 de outubro e modificacións posteriores, 374/2001 do 6 de abril, 614/2001 do 8 de xuño, 681/2003 do 12 de xuño, 836 e 837/2003 do 27 de xuño, 1311/2005 do 4 de novembro, 286/2006 do 10 de marzo, 314/2006 do 17 de marzo, 396/2006 do 31 de marzo .

- Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 27 de xuño 1997, de desenvolvemento do Regulamento dos Servizos de Prevención.
- Ordenanza de Traballo da Construcción, Vidro e Cerámica (O.M. 28.8.70).
- Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construcción (BOE do 19 de outubro de 2006).
- Real Decreto 1109/2007 que desenvolve a Lei 32/2006 reguladora da subcontratación no sector da construcción.

A1.4.2 NORMATIVA TÉCNICA

A.1.4.2.1 PREGOS E INSTRUCCIONES TÉCNICAS

- PG-3 Prego de Prescripcións Técnicas Xerais para obras de estrada e pontes, (O.M. 6/2/1976) e as súas modificacións posteriores.
- PG-4 Prego de Prescripcións Técnicas Xerais para obras de conservación de estradas, Orde Circular 8/01 sobre reciclaxe de firmes.
- Instrucción 3.1- IC Trazado. Orde FOM/273/2016, do 19 de febreiro.
- Instrucción 5.2- IC Drenaxe superficial. Orde FOM/298/2016, do 15 de febreiro.
- Instrucción 6.1- IC Seccións de firme. Orde FOM/3460/2003 do 28 de novembro.
- Instrucción 6.3- IC Rehabilitación de firmes. Orde FOM/3459/2003 do 28 de novembro.
- Instrucción 8.1- IC Sinalización vertical. Orde FOM/534/2014, do 20 de marzo.
- Instrucción 8.2- IC Marcas viarias. O.M. 16/07/87
- Instrucción 8.3- IC Sinalización de obra. O.M. 31/08/87
- EHE-08 Instrucción de Formigón Estrutural. Real Decreto 1247/2008 do 18 de xullo.
- EAE-11 Instrucción de Aceiro Estrutural. Real Decreto 751/2011 do 27 de maio.
- Código Técnico da Edificación. Real Decreto 314/2006 do 17 de marzo.
- IAP-11 Instrucción relativa ás accións a considerar no proxecto de pontes de estrada. Orde FOM/2842/2011 do 29 de setembro
- NCSE-02 Norma de construcción sismorresistente: Parte xeral e edificación. Real Decreto 997/2002 do 27 de setembro.
- NCSP-07 Norma de construcción sismorresistente: Pontes. Real Decreto 637/2007 do 18 de maio.

A.1.4.2.2 OUTRA NORMATIVA TÉCNICA

- Orde do 23 de maio de 2019 da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo
- Orde Circular 3/2017 da Axencia Galega de Infraestruturas, pola que se indica o procedemento para establecer os condicionantes xeométricos, de circulación e de seguridade viaria que son necesarios para a autorización dun novo acceso de actuacións urbanísticas, vías urbanas e camiños públicos, instalacións de servizo e doutras propiedades a unha glorieta dunha estrada de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde Circular 32/2012 da Dirección Xeral de Estradas: Guía de nós viarios.

CONDICIÓNNS TÉCNICAS DE OPERACIÓNNS E UNIDADES DE OBRA

- Orde Circular 1/2005, da Subdirección Xeral de Estradas da Xunta de Galicia, do 22 de marzo de 2005, sobre o emprego de emulsións termoadherentes.
- Orde Circular 3/2019 da Dirección Xeral de Estradas: Mesturas bituminosas tipo SMA
- Orde Circular 40/2017 da Dirección Xeral de Estradas: Reciclado de firmes e pavimentos bituminosos.
- Nota de servizo 2/2015 da Dirección Xeral de Estradas: Selado de gretas en pavimentos bituminosos.
- Orde Circular 17/2003 da Dirección Xeral de Estradas: Recomendacións para o proxecto e construcción da drenaxe subterránea en obras de estrada.
- Recomendación para a fabricación, transporte e montaxe de tubos de formigón en masa (THM/73, Instituto E. T. da Construcción e do Cemento).
- Guía para o proxecto e execución das obras de sinalización horizontal. Dirección Xeral de Estradas. 2012.
- Nota de servizo 2/2007 da Dirección Xeral de Estradas: Criterios de aplicación e de mantemento das características da sinalización horizontal.
- Manual de Sinalización Variable da Dirección Xeral de Tráfico. Resolución do 1 de xuño de 2009.
- Sinais verticais de circulación. Tomo I. Características dos sinais. Dirección Xeral de Estradas. 1992.
- Sinais verticais de circulación. Tomo II. Catálogo e significado dos sinais. Dirección Xeral de Estradas. 1992.
- Orde Circular 15/2003 da Dirección Xeral de Estradas: Sinalización dos tramos afectados pola posta en servizo das obras. Remates de Obras.
- Manual de exemplos de sinalización de obras fixas. Dirección Xeral de Estradas. 1997.
- Sinalización móvil de obras. Dirección Xeral de Estradas. 1997
- Orde Circular 35/2014 da Dirección Xeral de Estradas: Criterios de aplicación de sistemas de contención de vehículos.
- Instrucción 1/2019 do 2 de abril, da Axencia Galega de Infraestruturas, pola que se valida o documento de recomendacións sobre sistemas de contención de vehículos en estradas de características reducidas (RESISCON), para a súa aplicación na rede de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde Circular 1/2011, da Dirección Xeral de Infraestruturas da Xunta de Galicia, do 6 de maio de 2011, sobre criterios de balizamento de diverxencias, saídas e bifurcacións mediante fitos de vértice e balizas cilíndricas.
- Orde FOM/3053/2008 do 23 de setembro, da Dirección Xeral de Estradas: Instrucción técnica para a instalación de redutores de velocidade e bandas transversais de alerta.
- Regulamento electrotécnico para baixa tensión (Real Decreto 842/2002).
- Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de iluminación exterior e as súas instrucións técnicas complementarias EA-01 a EA-07. Real Decreto 1890/2008
- Orde Circular 36/2015 da Dirección Xeral de Estradas: Criterios a aplicar na iluminación de estradas ao descuberto e túneles.
- Manual de plantacións na contorna das estradas. Dirección Xeral de Estradas ,1992.
- Catálogo das especies vexetais a utilizar nas plantacións de estradas. Dirección Xeral de Estradas.1990.
- Recomendacións para o control de calidade nas obras de estradas, D. G. C. MOPU 1987.
- Normas de ensaio NLT do Centro de Estudos e Experimentación de Obras Públicas.
- M.E.L.C. Métodos de Ensaio do Laboratorio Central de Ensaios de Materiais.

CONDICIÓNNS TÉCNICAS DE OPERACIÓNNS E UNIDADES DE OBRA

O Adxudicatario deberá manter o seu servizo adaptado ao que en cada momento e segundo o progreso da ciencia, disponga a normativa técnica, ambiental, de accesibilidade e eliminación de barreiras e de seguridade dos usuarios que resulte de aplicación.

INVENTARIOS

ANEXO N^º 2. INVENTARIOS

INVENTARIOS

A2.1. INTRODUCIÓN

A avaliación pormenorizada do estado actual da autoestrada e enlaces, indispensable para o establecemento dos Plans de conservación, realizarase mediante unha inspección visual das vías obxecto deste contrato e identificación por tramos do seu estado actual.

Cada vez que se realice calquera actuación de renovación, substitución, mellora ou nova instalación de elementos recollidos nos inventarios, os mesmos serán actualizados, cada un dos cales deberá, ademais, dispor dos datos históricos que permitan consultar o estado de cada elemento en calquera data e a súa evolución co tempo.

Co obxecto de realizar unha presentación acorde á toma de datos realizada no campo, na aplicación de xestión da conservación e explotación – actualmente EXCON – terase que incluír a introdución, e almacenamento dos datos e a presentación dos inventarios.

Recollerase un resumo final e un plano coa indicación do grao de prioridade e a necesidade de actuacións na materia da conservación.

A2.2. INVENTARIO XERAL

No prazo de 6 meses tras o inicio do contrato actualizarase o inventario dos elementos das vías obxecto do contrato que consistirá nunha base de datos na que se recollerán as características de todos aqueles elementos que poidan ser obxecto de conservación e mantemento (excepto no caso particular de firmes, estruturas e pequenas obras de fábrica, e sinalización vertical que se atenderá ao establecido nos puntos seguintes), referenciados por vía, P.Q., marxe, e a súa descripción específica, as características xeométricas da sección onde están situados, a relación histórica dos traballos desenvolvidos, indicando o P.Q. de inicio e P.Q. final, as datas, persoal, equipos, tempos, custo, materiais e unidades de obra executadas, e a incidencia dos labores de conservación e mantemento no seu estado.

O inventario proporcionará un arquivo histórico de cada elemento, rexistrando altas e baixas, e deberá ser capaz de xestionar os datos asociados a cada elemento, relationalos con planos, representando os distintos elementos da estrada na planta de maneira gráfica, fotografías e imaxes de vídeos, podendo emitir fichas individuais de cada un ou listar todos aqueles elementos que presentan unha mesma característica.

A cada elemento asignáráselle unha cualificación do seu estado: "b" (bo), "r" (regular), "m" (malo), conseguida a través das auscultacións, probas e comprobacións pertinentes.

Ademais, indicarase quen realizou cada unha das auscultacións, probas e comprobacións e a data na que se levou a cabo, a identificación e descripción dos traballos realizados, a descripción e cuantificación das unidades de obra executadas, o persoal, material e maquinaria utilizada.

A2.3. INVENTARIO DE FIRMES

No prazo de 1 ano tras o inicio do contrato actualizarase o inventario de firmes.

Neste inventario recolleranse todas as actuacións realizadas sobre o firme, de forma que se poida caracterizar o seu estado e programar actuacións futuras.

INVENTARIOS

Deberá recoller a información obtida das auscultacións e a relación de actuacións efectuadas na que se indiquen as súas características, incluídos os medios empregados e o seu custo.

Ademais, recolleranse os defectos dos firmes estruturados en dous grandes grupos: defectos estruturais e superficiais.

A2.3.1 DEFECTOS ESTRUTURAIS

Son defectos do firme que afectan non só á capa de rodaxe senón ao estado de conservación das capas inferiores. A tipoloxía de defectos que se inclúen neste grupo son os seguintes:

- ◆ Rodeiras. Defínese como aquela deformación transversal, por afundimento ao longo da zona de rodada dos vehículos, acompañada en xeral de cordóns laterais por fluencia do material.
 - Medición: P.Q. inicial: x,xxx
 - Lonxitude: m.
 - Profundidade máxima: cm.
- ◆ Blandóns. Asento localizado da calzada que a configura en forma de afundimento.
 - Medición: P.Q. inicial: x,xxx
 - Lonxitude: m.
 - Anchura: m.
 - Profundidade: cm.
- ◆ Ondulacións. Onda ou sucesión de ondas transversais distantes entre si unha determinada distancia.
 - Medición: P.Q. inicial: x,xxx
 - Lonxitude: m.
 - Distancia media entre dous puntos consecutivos de máxima altura: cm.
 - Profundidade: cm.
- ◆ Pel de Crocodilo. Rotura localizada do firme en malla de liñas de rotura con diagonais de calquera tamaño (inclúese o cuarteo en malla fina e en malla grosa).
 - Medición: P.Q. inicial: x,xxx
 - Lonxitude: m.
 - Anchura: m.
 - Diagonal maior: cm.
 - Diagonal menor: cm.
 - Abertura máxima: mm.
- ◆ Afundimentos. Alteracións do nivel do firme, localizadas, que poden crear desniveis importantes e bruscos, nos que non se produciu cuarteo do firme.
 - Medición: P.Q. inicial: x,xxx
 - Lonxitude: m.
 - Anchura: m.
 - Profundidade: cm.

A2.3.2 DEFECTOS SUPERFICIAIS

Defectos do firme que afectan á capa de rodaxe e nos que as capas inferiores manteñen todas as súas características mecánicas. Neste grupo incluíronse os seguintes tipos de defectos:

- ◆ Mordentes. Cavidade producida no exterior do firme que afecta á superficie de rodada e de diferentes tamaños.
 - Medición: P.Q. inicial: x,xxx
 - Lonxitude: m.
 - Anchura: cm.
- ◆ Fisuras. Inclúense as liñas de rotura tanto lonxitudinais como transversais, existentes en calquera punto da calzada.
 - Medición: P.Q. inicial: x,xxx
 - Lonxitude: m.
 - Lonxitude por metro Lineal: m.
 - Abertura máxima: mm.
- ◆ Árido Pulimentado. A superficie da calzada aparece lisa e puída por desgaste dos áridos debido ao efecto de abrasión por acción do tráfico.
 - Medición: P.Q. inicial: x,xxx
 - Lonxitude: m.
 - Anchura: m.
- ◆ Peladuras. Zona localizada na que a capa de rodaxe se desprende do firme (mestura ou Rega).
 - Medición: P.Q. inicial: x,xxx
 - Lonxitude: m.
 - Anchura: m.
- ◆ Fochancas. Cavidades producidas no pavimento e firme de forma irregular e diferentes tamaños.
 - Medición: P.Q. inicial: x,xxx
 - Lonxitude da zona afectada: m.
 - Nº de fochancas en 10 ml.: ud.
 - Diámetro medio: cm.
 - Profundidade media: cm.
- ◆ Exudacións. Presenza de ligante en zonas da superficie da calzada, dándolle un aspecto negro e brillante.
 - Medición: P.Q. inicial: x,xxx
 - Lonxitude: m.
 - Anchura: m.

A2.4. INVENTARIO DE SINALIZACIÓN VERTICAL

No prazo de 6 meses tras o inicio do contrato revisarase e completarase a base de datos na que se recollen todos e cada un dos sinais verticais existentes nos diversos tramos das vías obxecto do contrato, co fin de coñecer a relación de sinais que deben substituirse ou axustarse á normativa correspondente.

INVENTARIOS

Nesta base de datos detallaranse:

- ✗ A localización exacta de cada sinal (estrada, Pq., marxe)
- ✗ O tipo de sinal do que se trata e as súas dimensións.
- ✗ O seu estado de conservación (tanto do propio sinal como dos elementos de sustentación)
- ✗ A distancia ao bordo da beiravía (co obxecto de comprobar se cumple a normativa en vigor)
- ✗ A súa altura sobre o pavimento (co obxecto de comprobar se cumple a normativa en vigor)

Este labor de toma de datos realizarase desde o inicio do Contrato, realizando unha toma de datos por parte dos Xefes de Equipo e do Encargado da Conservación, enchendo o rexistro do Inventario de Sinalización que se adxunta neste Anexo.

En cada tramo situarase no P.Q. correspondente, o tipo e dimensións do sinal existente. Determinarase con criterios claros e homoxéneos o seu nivel de servizo, tanto o estado xeral do sinal, como o desgaste, desconchóns, reflectancia e cor, así como dos elementos de sustentación e a propia verticalidade do sinal.

Recollerase igualmente a súa altura sobre o pavimento e a súa distancia ao bordo da beiravía co obxecto de saber se o sinal se atopa ou non dentro das estipulacións marcadas en cada momento pola normativa de sinalización en vigor.

Recollerase, ademais, no caso de existir o dato, a data de fabricación e a empresa fabricante.

Con este inventario preténdese catalogar toda a sinalización vertical existente nas vías, podendo comenzar a extraer unhas primeiras conclusións: saberemos cal é o patrimonio nos sinais existente, o seu número, tipoloxía e estado.

A base de datos debe de ser aberta, é dicir, tal que permita a actualización inmediata de cada tipo de sinal existente, mantendo o rexistro daquelas que se substitúan, sabendo desta forma non só cantos sinais se substituiron senón ademais onde foron substituídos, podendo obter este dato por cada tramo, por cada tipo de sinal, ...

Co obxecto de que este dato non teña un carácter fixo teranse que reflectir as revisións que cada sinal tivo ao longo da vida do Contrato, incluíndose un rexistro onde se obteña este dato.

OPERACIÓNNS EXTRAORDINARIAS

ANEXO N^º 3. OPERACIÓNNS EXTRAORDINARIAS DURANTE ESTE CONTRATO

OPERACIÓN EXTRAORDINARIAS

A3.1. VIDEOVERIFICACIÓN

Neste contrato realizarase a implantación dun sistema de videoverificación manual de aforamentos de tráfico.

A actuación incluirá a subministración e instalación de equipos e aplicacións informáticas que se relacionan a continuación.

- Para cada punto de aforamento situado no tronco da AG-53 e AG-54 (en total 12 aforamentos – 6 por sentido):
 - ◆ Recolocación das cámaras de TV situadas en cada punto de aforamento. Novas cimentacións e columnas de aceiro galvanizado abatibles de 12 m. de altura (xa realizado en 2 aforamentos e pendente nos outros 4 aforamentos). Estes elementos colocaranse nos puntos máis próximos posibles á localización das expiras de cada aforamento.
 - ◆ Cámaras para o cálculo de vehículos, que se situarán no alto dos anteriores postes, orientadas verticalmente cara á calzada, de maneira que se enfoquen a anchura completa de carrís e beiravías desa calzada e 20 m. de lonxitude. Estas cámaras conectaránse mediante fibra óptica coa sala de control. As cámaras serán fixas, con ángulos de colocación axustables e terán unhas especificacións técnicas mínimas equivalentes ao modelo DS-2CD2625FWD-IZS de Hikvision.
 - ◆ Implantación de tres marcas transversais a 50 cm. de cada liña de bordo da cañada, dunha lonxitude de 25 cm. e unha anchura de 5 cm., con pintura acrílica de base acuosa, non reflexiva, cunha dotación de 720 gr./m², centradas respecto das imaxes das cámaras anteriores e a unhas distancias respecto da primeira de 5,5 a segunda e 12,0 m. a terceira.
- Instalación dun equipo PC para xestionar a videoverificación, que deberá permitir a xeración de vídeos nos cales se mostren, en 3 zonas separadas, as videogramacións das cámaras situadas en cada punto de aforamento, os datos de tráfico detectados polos aforadores e os resumos de tráfico acumulados.
 - ◆ A imaxe de vídeo mostrarse tal como proceda da cámara correspondente, sobreimpresionándose sobre a mesma únicamente a data e a hora, que deberán ser facilitados pola propia cámara.
 - ◆ Os datos de cada tránsito mostraranse nunha única liña de texto – ata un máximo de 5 simultaneamente – que permanecerá 5 segundos en pantalla, mostrándose de forma simultánea tantas liñas como tránsitos fosen rexistrados en todos os carrís aforados nos últimos 5 segundos, co seguinte contido: Data e hora de detección (en formato dd/mm/aaaa hh:mm:ss). Carril (dereito, esquerdo). Lonxitude ##,## m. Velocidade ####,## km/h. No caso de que non se detectase ningún tránsito nos últimos 5 segundos deberá permanecer na pantalla o último rexistrado.
 - ◆ En nunha terceira zona mostraranse a data e hora actuais facilitadas polo equipo de videoverificación, e os seguintes datos acumulados de tráfico: tránsitos totais e desagregados por tres categorías definidas en función da lonxitude dos vehículos e da velocidade media total. Estes datos mostraranse, en tempo real, para os seguintes períodos de tempo: último cuarto de hora, última hora, diario, semanal e mensual, sempre desde o inicio do período e ata o instante actual.
- As imaxes tratadas por este software serán enviadas en tempo real a un videogramador, accesible de maneira remota, que permitirá a visualización das imaxes tanto en tempo real como as gravadas, e terá capacidade suficiente para almacenar en calidade HD, similar á das imaxes orixinais, con resolución 1280x720 e 25fps, polo menos 30 días dos 12 vídeos. O videogramador ademais permitirá a xeración de arquivos de vídeo en

OPERACIÓNNS EXTRAORDINARIAS

períodos de tempo libremente seleccionables, con posibilidade de recodificación dos mesmos para reducir o tamaño dos arquivos xerados.

A3.2. ACTUALIZACIÓN DE PLANOS DO ESTADO ACTUAL DA INFRAESTRUTURA

O adxudicatario realizará unha actualización dos planos do estado final das obras, realizando as comprobacións topográficas e taquimétricas que resulten precisas para garantir a fiabilidade dos planos respecto ao estado actual de toda a zona obxecto de conservación. Esta colección de planos comprenderá polo menos os seguintes:

- Situación (un plano á escala máxima que permita visualizar toda a zona obxecto de conservación nun contexto autonómico e outro a escala provincial).
- Plantas
 - ◆ Planta de conxunto (á escala apropiada para verse toda a zona obxecto de conservación).
 - ◆ Eixos e bases de reformulo (escala 1:2.000 sobre cartografía e sobre fotografías aéreas).
 - ◆ Trazado (escalas 1:10.000 e 1:2.000 sobre cartografía e 1:2.000 sobre fotografías aéreas).
- Perfís lonxitudinais (escalas 1:2.000H e 1:200V)
- Perfís transversais (escala 1:100 a 1:200)
- Seccións tipo, tanto transversais como as que definen carrís de incorporación e saída.
- Drenaxe
 - ◆ Planta (escala 1:2.000, montados tanto sobre cartografía como sobre fotografías aéreas)
 - ◆ Obras de drenaxe transversal (perfís lonxitudinais a escala 1:250, ou menor se a anterior non cabe nunha folla, e seccións transversais).
 - ◆ Detalles (seccións tipo de cunetas, bordos, arquetas, boquillas, tubos, baixantes, etc).
- Sinalización e balizamento
 - ◆ Planta (escala 1:2.000, montados sobre cartografía, con localización de sinalización vertical e horizontal e balizamento)
 - ◆ Cartelería (deseño de cada cartel, dimensionado)
 - ◆ Detalles (de marcas viarias, de sinais verticais; cimentacións e dimensións de postes e carteis), e de todos os elementos de balizamento que existan ao longo das vías obxecto de conservación)
- Defensas
 - ◆ Planta (escala 1:2.000 sobre cartografía)
 - ◆ Detalles (seccións e materiais de barreiras e peitorís, tanto de formigón como metálicos).
- Estruturas (organizadas por viadutos e pontes, pasos superiores, pasos inferiores e obras de drenaxe transversal constituídas por marcos, pórticos ou bóvedas). Para cada estrutura deberá haber unha folla coas súas características principais; planta e perfil lonxitudinal acoutados a escala 1:500 e sección transversal, tamén coutada, a escala 1:250 e as que sexan necesarias para definir as características (xeometría e armado) de todos os seus elementos.
- Obras complementarias

OPERACIONES EXTRAORDINARIAS

- ◆ Cerramento
 - Planta (a escala 1:10.000 sobre cartografía e 1:2.000 sobre fotografías aéreas)
 - Detalles (tipos de peches, incluíndo cimentacións, postes e mallas)
- ◆ Sistemas de control do tráfico (detallando tanto as canalizacións como todos os equipos instalados nas vías – aforamentos, paneis de sinalización variable, cámaras de vixilancia do tráfico, postes SOS, armarios de ERU's, etc.).
 - Planta (escalas 1:10.000 e 1:2.000)
 - Detalles (descripción e características dos equipos, incluídas xeometría e armado de cimentacións, bandeirolas e pórticos).
- ◆ Iluminación pública
 - Planta (situación, identificando cada zona iluminada, á escala apropiada para mostrarse nun máximo de 3 follas, e follas de cada zona iluminada a escala 1:2.000). Situaranse nestes planos tanto as luminarias como canalizacións e arquetas, diferenciando circuítos, con detalle do cableado de cada un.
 - Detalles (canalizacións, cableado, armarios – detallando o seu contido -, báculos, luminarias, etc.)
- ◆ Pantallas anti-ruído.
 - Plantas (situación, identificando cada localización, á escala apropiada para mostrarse nun máximo de 3 follas, e escala 1:1.000 de detalle de cada localización)
 - Detalles (cimentacións, postes e as propias pantallas)
- ◆ Proteccións en pasos sobre ferrocarril
 - Plantas (situación, identificando cada localización, á escala apropiada para mostrarse nun máximo de 3 follas, e escala 1:2.000 de detalle de cada localización)
 - Detalles (cimentacións, postes e as propias proteccións)
- Zonas acondicionadas (zonas expropiadas emplegadas para vertedura de terras sobrantes das obras e reacondicionadas medioambientalmente (5 zonas), zona baixo a ponte sobre a N-120 e ribeira do río Miño)
 - ◆ Plantas (situación, identificando cada localización, á escala apropiada para mostrarse nun máximo de 3 follas, e a escala 1:2.000 de detalle de cada localización, identificando plantacións arbóreas e arbustivas)
- Limitacións á propiedade
 - ◆ Planta de expropiación (só liña de expropiación, a escala 1:10.000 sobre cartografía e 1:2.000 sobre fotografías aéreas).
 - ◆ Delimitación da zona de dominio público (a escala 1:10.000 sobre cartografía e 1:2.000 sobre fotografías aéreas, con parcelario, liña de expropiación e marcos de delimitación da zona expropiada, con táboas coas coordenadas dos mesmos, identificando o modelo de cada marco).
 - ◆ Detalles. Xeometría e armado dos distintos modelos dos marcos de expropiación e as súas placas identificativas.
 - ◆ Planta de afeccións (a escala 1:5.000 sobre cartografía e a escala 1:2.000 sobre fotografías aéreas, nas cales se delimitarán todas as zonas de protección das vías definidas na Lei 9/2017, de Estradas de Galicia, incluída a liña de expropiación).
- Servizos (servizos públicos existentes na zona de dominio público; canalizacións, postes e tendidos aéreos, Camiño de Santiago, Gasodutos, Vías férreas, etc.)

OPERACIÓN EXTRAORDINARIAS

- ◆ Planta (a escala 1:10.000 sobre cartografía e 1:2.000 sobre fotografías aéreas, estes último só das zonas nas que haxa algún servizo)
- Centro de Conservación
 - ◆ Planta de situación (sobre plano de toda a zona de conservación nunha folla)
 - ◆ Urbanización
 - Planta (a escala 1:2.000 sobre cartografía e a escala 1:1.000 sobre fotografías aéreas)
 - Seccións transversais (a escala 1:200)
 - Infraestruturas (plantas á escala apropiada para mostrarse nunha só folla, máximo 1:1.000 e detalles, co mesmo alcance que para os planos xerais das vías)
 - Drenaxe
 - Sinalización
 - Iluminación pública
 - Varios (accesos, pozos de abastecemento, acometidas de electricidade e telecomunicacións, etc).
 - Acondicionamento ambiental. Planta a escala 1:2.000, identificando plantacións arbóreas e arbustivas.
 - ◆ Edificio centro de conservación
 - Plantas (xeral, de estrutura e de todas as instalacións existentes, a escala 1:500)
 - Seccións (xeral e de estrutura)
 - Detalles (de todas as instalacións fixas existentes).
 - ◆ Nave de vialidade invernal
 - Plantas (xeral, de estrutura e de todas as instalacións existentes, a escala 1:500)
 - Seccións (xeral e de estrutura)
 - Detalles (de todas as instalacións fixas existentes).
 - ◆ Instalacións para vialidade invernal
 - Localización e detalles de silo e zona de provisión de fundentes, da planta de salmoira e depósitos asociados, etc.

Os planos deberán elaborarse e escalarse para a súa impresión en tamaño A-3 e deberán existir por separado, para poder ser vinculados como referencias externas nas distancias series do documento, e utilizados en calquera informe independente deste documento, todo o contido dos planos de planta sen cartografía nin fotografías aéreas; en particular polo menos estarán os seguintes arquivos de cada correspondente a planos de planta, cada un nun único arquivo:

- ✗ Eixos (con pq's e hectómetros indicados, marcas cada 20 m. e puntos singulares, con tamaños para impresión a escalas 1:5.000 e 1:2.000). Os camiños de servizo cuxo trazado non responda a unha xeometría parametrizada poderán debuxarse sen puntos singulares.
- ✗ Bases de reformulo (deberá comprobarse a súa existencia e dispor as novas que sexan precisas, engadindo ás existentes ou substituíndo as que poidan faltar).
- ✗ Trazado, a escalas 1:5.000 e 1:2.000, mostrando bordos de calzadas, separacións de carrís, de beiravías e de bermas, así como de cabeza e pés de noiros, tanto de terraplén como de desmontes, con "pianos" ou

OPERACIÓN EXTRAORDINARIAS

sombreados acordes a ambos os tipos de noiros, perímetros de obras de drenaxe transversal e estruturas, en liña descontinua para os tramos ocultos.

- ✗ Drenaxe. Cunetas, baixantes, bordos, desaugadoiros, cruces de calzada, obras de drenaxe transversal, canles, etc., coa indicación expresa da dirección das augas. Cada tipo de elemento diferenciarase pola cor e/ou tipo de liña.
- ✗ Estruturas. Sombreados de cada estrutura de paso viario, con delimitación de estribos, pilas, peitorís, etc.
- ✗ Sinalización horizontal. Marcas viarias, incluídos cebreados, identificándose coa clave asignada a cada unha na Norma de Sinalización Horizontal (6.2-IC).
- ✗ Sinalización vertical. Disposición exacta e un esquema ou imaxe de cada sinal, identificando o código de cada unha.
- ✗ Iluminación pública. Canalizacíons, cableados, arquetas, báculos e luminarias, incluíndo o do centro de conservación.
- ✗ Instalacíons de control do tráfico (postes SOS, cámaras de vixilancia, estacións de aforamento e paneis de sinalización variable).
- ✗ Centro de conservación. Trazado de viarios e perímetro de edificacións.
- ✗ Edificacións. Distribución de estancias das edificacións existentes no centro de conservación.

Todos os elementos dos planos deberán estruturarse en capas nas que se xunten aqueles elementos das mesmas características.

A3.3. REVISIÓN E RENOVACIÓN DE MARCOS DE DELIMITACIÓN DA ZONA DE DOMINIO PÚBLICO

O adxudicatario realizará unha revisión na que verificará a correcta colocación e o estado de todos os marcos que delimitan a zona expropiada. O resultado desta revisión resumirase nun informe que incluirá planos nos que se diferenciarán os marcos segundo o seu estado, tanto da placa (falta, deteriorada, válida) como do propio marco (non existe, mal situado, tirado, mal fixado, deteriorado, válido). Este informe deberá presentarse no prazo máximo de 2 anos desde o inicio da execución do contrato.

En base á anterior revisión realizarase unha campaña de reposición e renovación de marcos, recolocándose aqueles que estean movidos ou mal fixados ao terreo e repondo placas e/ou marcos que falten ou estean moi deteriorados. Neste último caso a dirección do contrato decidirá que placas ou marcos poderán aproveitarse e cales deberán substituírse por outros novos. Esta actuación deberá realizarse nun prazo máximo de 1 ano desde que a dirección do contrato concrete o seu alcance.

Finalizada a anterior campaña de reposición de marcos elaborarase un documento que incluirá a colección de planos coa localización de todos os marcos, incluíndo as coordenadas de cada un deles (estes planos deben ser invariables) e unha ficha por cada marco que incluirá un plano de detalle da súa localización, os seus datos relevantes (coordenadas, modelo - dimensíons - e data de colocación) e un par de fotografías, ilustrativas da súa localización, para facilitar a súa procura no futuro, e do seu estado.

